

PA4319 EFE 20/04/09 12:34 (04/20/10-33/09) 00182 SOC

## GAL-BIBLIOTECAS-UNIVERSIDADE

Buscador permitirá consultar fondos bibliotecarios de universidades galegas

Santiago de Compostela, 20 abr. (EFE).- Un novo servizo de busca simultánea e recuperación de información permitiralle á comunidade educativa galega consultar os fondos bibliotecarios das tres universidades a través dun único portal web.

Esta nova aplicación, denominada "Pórtico", proporcionará información sobre revistas, libros, bases de datos, teses, patentes, encyclopedias e demais recursos bibliográficos almacenados no Sistema Universitario Galego (SUG) e no Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia (Bugalicia).

Desde o novo portal poderase acceder, ademais, aos paquetes editoriais en liña contratados por Bugalicia, entres os que se inclúen, 20.500 revistas electrónicas, 4.000 libros en formato electrónico e 10.500 actas de congresos, especifica o comunicado.

Así mesmo, Pórtico proporcionará servizos adicionais como o acceso a textos completos, a comprobación da disponibilidade da súa versión impresa na biblioteca ou a consulta do factor de impacto internacional dunha publicación.

Este proxecto pretende facilitar un acceso "de conxunto" á información de xeito que "os usuarios gañan tempo nas operacións de abastecemento de información e doutros servizos", explica o comunicado de Bugalicia. EFE.

pl/jl

|K:SOC:SOCIEDAD-SALUD|

04/20/10-33/09